

GUÍA para o desenvolvemento das prácticas académicas externas extracurriculares

**Grao en Administración e Dirección de Empresas
e Grao en Economía**

Máis información sobre as prácticas na web da Facultade: http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/practiclas_graos.html, nas reunións informativas sobre prácticas das que se vos informará no voso correo @rai.usc.es e, unha vez matriculados na materia, na Aula Virtual “Prácticas Externas”. En caso de que precisades resolver unha dúbida puntual antes de estar matriculado podedes escribir a: ecoade.prácticas@usc.es

Remitimos ao alumnado que realice prácticas externas extracurriculares á Guía Docente das prácticas académicas externas curriculares xa que os requisitos, regulación e mesmo a metodoloxía de traballo para o alumno/a que realiza prácticas extracurriculares é a mesma aos das prácticas curriculares. Os únicos aspectos diferentes son os seguintes:

- A duración das prácticas extracurriculares, e polo tanto o tempo dedicado as mesmas, varía xa que estas son como mínimo de 7 créditos (175 horas) e como máximo de 30 créditos (750 horas).
- Poden realizarse prácticas extracurriculares durante o prazo establecido en cada convocatoria para a realización de prácticas, aínda que o/a alumno/a teña defendido e superado o seu Traballo Fin de Grao (TFG).
- En canto a avaliación destas prácticas correspóndelle ao titor ou titora académica e realizarase tendo en conta os mesmos ítems que os recollidos na guía docente da materia prácticas curriculares pero a cualificación será de apta/non apta.

Rematadas as prácticas extracurriculares o alumno/a tamén poderá solicitarlle á Universidade un documento acreditativo das prácticas externas realizadas. Ademais, tamén constará no Suplemento Europeo.